

Rosalía, Pondal, Ferrín: o testamento

Anxo Angueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ANGUEIRA, ANXO (2011 [2008]). “Rosalía, Pondal, Ferrín: o testamento”. En Francisco Fernández Rei, Xosé M. García Crego, Rosa López Fernández e Xabier Vázquez López, *A semente da nación soñada: homenaxe a Xosé Luís Méndez-Ferrín*. Vigo: Xerais, 117-122. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/884>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ANGUEIRA, ANXO (2008). “Rosalía, Pondal, Ferrín: o testamento”. En Francisco Fernández Rei, Xosé M. García Crego, Rosa López Fernández e Xabier Vázquez López, *A semente da nación soñada: homenaxe a Xosé Luís Méndez-Ferrín*. Vigo: Xerais, 117-122.

* Edición dispoñíbel desde o 9 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ROSALÍA, PONDAL, FERRÍN: O TESTAMENTO

Anxo Angueira

O testamento ben pode considerarse un subxénero poético de certa entidade, con morfoloxía propia e definíbel, frecuentado por poetas de relevancia. Probabelmente os signos fundacionais estean na poesía francesa medieval, en concreto nos «Congés» de Jean Bodel e Beaudé Fastul, poetas do Arras do século XIII, que, tomados da lepra e consecuentemente condenados ó sufrimento, á reclusión e ó illamento antes que á morte, se despiden do mundo dos afectos, dos amigos, da humanidade, do mundo dos vivos. Nace o xénero, pois, vinculado a unha traxedia moi persoal, de dores físicas e íntimas, a certo malditismo, á humillación do repudio. Outro poeta de Arras, un pouco posterior ós anteriores, Adam de Hale, envíalle o adeus á cidade xa dun xeito máis satírico: a súa partida non se debe á lepra. Mais o modelo francés callou definitiva e universalmente no século XV con François Villon. O testamento de Villon, o dun poeta que andou arrastro pola lama da miseria, do homicidio, da cadea, da tortura, do infortunio, da exclusión e que fala desde o limiar da forza (da que zafou na última hora), resulta na despedida e nas súas mandas, cheas de sarcasmo crítico, toda unha lección antipatética sobre as propias miserias da condición humana.

O subxénero tivo numerosos e ben celebrados poetas. E o modelo de Villon callou en moitos deles. Tal é o caso de Pablo Neruda, ó noso ver e por citar un emblemático caso de reincidencia ou compulsión testamentaria, pois que nos deixou non un senón tres testamentos: o «Testamento de otoño», máis longo, o «Testamento I», aquel que comeza: «Dejo a los sindicatos / del cobre, del carbón y del salitre / mi casa junto al mar de Isla Negra» e o Testamento II.

Tres dos máis grandes escritores galegos, escritores verdadeiramente nacionais, como son Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e X. L. Méndez Ferrín, tamén cultivaron o subxénero. Poñámo-los textos enriba da mesa.

Ferrín, en *Estirpe*, entrega declaradamente o poema ó subxénero dun xeito expreso, desde o título:

Testamento do ghebo

O día en que eu me perda no Calexón de Núñez,
chimpádeme unhas cascas de manises no Náutico.

O día en que eu me vaia no Nautilus, avante,

polo mare de Rande cara as lamas máis últimas,
levai camelias murchas á taberna de Armando.
O día en que eu naufrague nos furanchos de antano,
que no Bar Abanico latrique a pianola.
Que me choren con fados e cántigas canallas
os chaíñas e os ghichos que me fixeron punto
con chavalas curriñas no baile das Cabañas.
Cando eu rache a paipa, como fixo Brassens,
e deixe á descendencia as zapatillas vellas,
que coman caldeirada de pata-roxa todos
os amigos, na Anguila, con raiba encantadora.
O día en que, de súpeto, onda as Almas Perdidas,
eu pille ese tranvía fantasma que nos leva
aos bébedos, na néboa, aos solares de tras,
lembrádevos de Chambi, Martinico, o Chinito,
e a boca se vos encha de pirulí e barquillo,
e que ningún me faga pranto de cascarilla
cando eu estire a pata nesta cidade estrépito
e poñan no meu texto: «fechou por defunción».

O texto que escollo de Pondal, sendo un testamento, non leva o subxénero no paratexto do título. Agora ben, cómpre considerar que o bergantiñán ten, polos menos, máis outros dous textos testamentarios: o que figura como número 27 dos manuscritos («Cando for sepultado») e como número un dos apógrafos («Sepultade piadosos»), sempre seguindo as magníficas edicións de Manuel Ferreiro. Este último poema leva o título de «Testamento do bardo». O máis coñecido dos tres é sen dúbida o de *Queixumes*:

Cando jazan do cisne
os febrentos despoxos
sobre do verde da ribeira escura
e ja non s'ouza o canto harmonioso,

dádelle sepultura
no promontorio aquel areoso e vougo,
onde o Anllóns, o seu nativo río,
(qu'el máis amou de todos),
da peregrinación antiga súa
e do longo traballo acha repouso.

Que diga o mariñeiro,
rudo fillo do Osmo,
ó entrar pola Barra,
volvendo o escuro rostro:
—Alí jaz o que fora
noutro tempo cantor do eido noso.

Realmente, o que ofrece problemas para ser entendido como testamento é este que Rosalía publica en *Follas novas*. Desde logo o título poida que non se asocie directamente coa poética testamentaria, mais a fórmula e o contido, aínda sendo un tanto heterodoxos, para nós si poden facer deste poema un testamento, un testamento *sui generis*, un testamento Rosalía de Castro.

De balde...

Cando me poñan o hábito,
se é que o levo;
cando me metan na caixa
se é que a teño;
cando o responso me canten,
se hai con que pagarlle ós cregos,
e cando dentro da cova...
¡Que inda me leve San Pedro
se só ó pensalo non río
con unha risa dos deños!
¡Que enterrar han de enterrarme
anque non lles den diñeiro...!

Os testamentos de Ferrín e Pondal ofrecen, aínda que cun sentido ben distinto, interesantes paralelismos. Nos dous casos hai unha fictivización do eu poético: ghebo nun caso e bardo/cisne no outro. O ghebo de Ferrín sitúanos nese ambiente «canalla» («cántigas canallas») que lle é propio ó xénero desde Villon, acentuado por un repertorio léxico da mesma extracción, como igualmente fixera o clásico francés (*jargon*), empezando polo propio «ghebo». Mentres, o cisne de Pondal lévanos á estética do parnasianismo de Leconte de Lisle, rastrexábel mesmo nalgúns versos do seu poema «Les Eolides» de 1852: «Quand les cygnes sacrés y nageaient beaux et blancs, / et qu' un dieu palpitait sur les fleurs de la rive».

Por outro lado, nos dous testamentos hai unha vocación clara de referencia a un lugar, a un mundo concreto poboado polos seus topónimos. Se no de Villon París, no de Ferrín Vigo, a cidade que máis e máis variadamente o poeta ourensán poetizou. O Vigo aberto ó mar do Náutico e de Rande, pero especialmente o Vigo considerado

máis sórdido, o máis estreito, o de tabernas, bailes e puterío, o de por detrás, o Vigo vello do Calexón de Núñez, a de Armando, o Anguila, o Abanico, as Almas Perdidas... No poema de Pondal o texto remite a Ponteceso, o río Anllóns co seu esteiro sobre o que se ergue o Monte Branco noutros versos poetizado e aquí «promontorio areoso e vougo», coa súa Barra, e ó pé do cal está a praia de Osmo. E se o ghebo se perde nas «lamas máis últimas», fóra do sagrado tamén desexa repousar o bardo/cisne, alleo tamén a todo o humano, inhospito, territorio «areoso e vougo», aínda que, iso si, en lugar elevado e visíbel («promontorio»), como lle corresponde.

Advertimos tamén outro motivo común ós dous testamentos: o epitafio. O de Ferrín remite á súa idea de escrita como macrotexto: a súa literatura, o conxunto das súas obras, é o seu texto. O sentido de «fechou por defunción» resulta antipatético e mesmo non está exento de certo humor, coma o longo epitafio de Villon. Inspírase Ferrín directamente no epitafio de «Le testament» de George Brassens, poema que nos remite igualmente a Villon: «*Ici-gît une feuille morte, / ici finit mon testament... / On a marqué dessus ma porte: / "Fermé pour caus' d'enterrement"*». O portelo que nos leva ó cantante e extraordinario poeta francés estaba aberto con anterioridade: «Cando eu rache a paipa, como fixo Brassens / e deixo á descendencia as zapatillas vellas,» paipa e pantuflas que Brassens lle mandaba a quen viñer sucedelo como esposo no seu poema, aínda que a pipa fose rachada noutro texto/canción, en «*Auprès de mon arbre*». O epitafio que Pondal lle pon ó bardo/cisne tamén é singular. Se o de Brassens se puña na súa porta e o do ghebo no seu texto, lápidas extravagantes, o de Pondal non está escrito, non é precisamente para ler. É para dicir. Cunha notoria orixinalidade, Pondal pono nos beizos do mariñeiro, derradeira manda, de tal forma que «o cantor do eido noso» é a un tempo cantor daquela paisaxe concreta do esteiro do Anllóns, cantor de Bergantiños e cantor da nazón de Breogán. Sen sagrado, sen tampa, enterrado en vouga terra, o epitafio do cisne/bardo actualizarase na voz dos seus coterráneos cada vez que ollen ou divisen o promontorio do Monte Branco.

O texto de Rosalía de Castro, pola súa banda, poida que custe entendelo como testamento. Desde logo carece das tres características dos dous anteriores: non hai ficativización do eu poético (non tiña por que habela, as ficativizacións de Ferrín e Pondal son perfectamente esperábeis seguindo as respectivas poéticas), non hai alusión a un lugar concreto (isto si que era moi habitual, desde Bodel e Villon) e non hai epitafio. Agora ben, comparte una mesma estrutura sintáctica e sémica: as tres voces sitúanse cunha frase circunstancial no momento da morte. O «cando...» inicial de Pondal é similar a «o día en que...» iterado anaforicamente polo ghebo, que nun caso tamén utiliza ese «cando». Rosalía de Castro, pola súa parte, tamén inicia o seu discurso con «cando», como despois fixera Pondal, e vaino iterando en anáfora, do mesmo xeito que o fai Méndez Ferrín. En Pondal a morte, o xacer do cisne na ribeira escura, dá paso a dúas mandas imperativas (non hai o legado de Villon): unha para un vós («dádelle sepultura...») e outra tamén bastante impersoal para un el («que diga o mariñeiro...»).

No caso do ghebo a morte adquire diferentes formas, son moitas e variadas mortes: perderse no Calexón de Núñez, irse no Nautilus avante, naufragar nos furanchos, racha-la paipa, pillalo tranvía e estira-la pata, sendo esta a final e en expresión especialmente terminativa, por coloquial e contrasublime en relación ás anteriores. E tamén ten as súas mandas: para vós (chimpáderme unhas cascás, levai camelias murchas, lembrádevos de Chambi, a boca se vos encha), para eles (os chaíñas e os ghichos, os amigos) e a impersoal, coma en Pondal, «que latrique a pianola». En Rosalía a morte, ese cando que nos leva ó final da presenza entre os vivos, está digamos que pautaada en catro momentos sucesivos, catro pasos do propio enterro: o vesti-lo morto co hábito (hábito penitencial dunha romaxe ou dunha orde relixiosa, como ás veces era tradición), introducilo na caixa, botarlle un responso e soterralo. Aquí non hai manda ningunha porque a voz poética, neste sentido moi veciña da propia autora, vai asociando todo o proceso á carencia, á falta de propiedade. Hábito, caixa e responso son unhas últimas pertenzas inseguras, hipotéticas, mesmo irrelevantes. Non lle importa a quen fala, desposuída de todo, telas ou non. E é aquí precisamente onde o texto de Rosalía se torna máis «realista» có de Pondal e o de Ferrín: a propia autora de Padrón, como sabemos, careceu de propiedades, careceu de casa, viviu na escaseza e mesmo na penuria, que é o que aquí se pon de relevo. É por iso que este singular testamento fica truncado ó chegar ó paso do soterramento, o que acentúa as diferenzas cos outros dous textos. Ese «cando» que o bardo/cisne e o ghebo completan, aquí fica interrupto. Que era realmente o que se ía decer? Íase testar algo? Íase expor algunha última vontade? Trátase dun testamento propositadamente abortado. E así o poema colle outra dimensión, desde logo ben distinta da «transcendente», unha dimensión na que se nega calquera horizonte de posteridade que si teñen os outros dous testamentos. Tamén o texto de Rosalía é sumamente antipatético («río con unha risa dos deños»), como na mellor tradición, pero o seu discurso fica da banda de aquí ó converterse nun brutal ataque á cregaxe. Precisamente é o pagarlle ós cregos (o responso) o que fai que a voz poética, trunque, desfaga o seu inicial discurso e «regrese» de dentro da cova para deixarnos unha proclama baleira totalmente de calquera sacralización asociada ás últimas vontades, un contra-epitafio anticlerical que nos devolve ó título: «¡Que enterrar han de enterrarme / anque non lles den diñeiro!». Este testamento de Rosalía proba, ó noso ver, a profunda orixinalidade da autora e os constantes litixios do seu pensamento crítico, expostos nos lugares máis insospeitados e das formas menos previstas.

Pola súa banda, o testamento de Pondal é o do «cantor do eido noso», o dun bardo que a si mesmo se considera cisne e que, sendo o poeta da terra de Bergantiños, é o poeta nacional de Galicia. O seu modelo probabelmente sexa o de Taras Shevchenko (1814-1861), poeta nacional ucraíno, chamado tamén «bardo de Ucraína», que no seu «Testamento» expresa o desexo de ser enterrado no medio da vasta estepa ucraína, nun outeiro, á beira do Dnieper (Dnipro). Cómpre aquí indicar que Pondal estaba atento a poetas e literaturas nacionais emerxentes ou de países naque-

la altura histórica á procura de independencia (non Cuba), algo que nos confirma o seu «¡Desperta, Polska!».

Por último, o «Testamento do ghebo» ofrece un variado repertorio de relacións intertextuais. Ademais das citadas (Villon e Brassens) o texto de Méndez Ferrín debe pórse moi en relación co «Testamento» de Valle Inclán, que igualmente leva a Villon. Nel, o poeta arousán, moi pouco antes de morrer, téstalle o seu cadáver á prensa, para logo facer máis algunha manda: ó taberneiro da esquina, ó balcón dunha veciña e a unha máscara louca. Comeza así:

Te dejo mi cadáver, reportero.
El día que me lleven a enterrar
fumarás a mi costa un buen veguero,
te darás en La Rumba un buen yantar.

Ese «el día que» de Valle é «o día en que» do ghebo. E o tabernario «te darás en La Rumba un buen yantar» lévanos á taberna de Armando, ó Bar Abanico, á caldeirada de pata-roxa na Anguila. O pouso xeral e o ton do texto son coincidentes e apuntan a unha análise nada frecuentada das pegadas de Valle en Méndez Ferrín, por exemplo en *Arraianos*.

Desde o noso punto de vista, tamén cómpre incluír a relación intertextual co propio Eduardo Pondal, poeta dos máis estudados e valorados por Méndez Ferrín. O ourensán dialoga coa tradición literaria universal pero tamén coa tradición literaria galega, que vén sendo, en nacións subalternas como a nosa, un xeito de constituíla. Quen hoxe moitos consideramos escritor nacional de Galicia e que bastante antes de *Estirpe* ocupaba xa unha posición central no sistema literario, elabora un texto que cremos ten moi presente o texto pondaliano. O «Testamento do ghebo» non chega a ser réplica do, podemoslle chamar así, «Testamento do bardo», pero si cremos que ten vontade de «actualizar» esteticamente aquel discurso, aínda que sexa para se situar nas súas antípodas, as que van precisamente de bardo a ghebo. En todo caso, Méndez Ferrín dialoga aquí co subxénero a través do seu perfil máis emblemático (Villon, Valle, Brassens) e, de paso, fai que, e velaquí a verdadeira manda, o Vigo canalla e mai-lo ghebo (excluídos tamén literarios) entren, con esta despedida, na República Mundial das Letras.